



MOCIÓN SOBRE A APROBACIÓN, DIFUSIÓN E EXECUCIÓN DO PLAN DIRECTOR DE PARQUES E XARDÍNS

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **MOCIÓN**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Aínda que cun notable atraso respecto das previsións iniciais, o Concello de Santiago seica dispón dun Plan Director de Parques e Xardíns, que foi iniciado a finais de 2014, cun prazo de execución de seis meses, aínda que finalmente foi presentado no pasado mes de xaneiro de 2016.

Trátase dun documento ofrecido como unha mellora dentro do actual contrato de mantemento das zonas verdes, polo que os 144.085 euros que custou do traballo corren por conta da empresa concesionaria deste servizo.


O seu obxecto é establecer unhas directrices de actuación nos espazos libres de Santiago para mellorar a calidade dos parques, protexer o patrimonio natural e promover o uso e o coñecemento dos espazos verdes entre a veciñanza e, en último termo, mellorar a eficiencia da xestión e o mantemento.

O Plan Director deberá servir para orientar as decisións e actuar no marco de referencia na planificación e a xestión dos espazos libres e as zonas verdes do Concello. Un instrumento de xestión imprescindible para avanzar na consecución dun medio máis habitable, ordenado e sustentable, dándolle continuidade ao labor que se vén realizando neste eido nos últimos trinta anos.

A pesar do retraso na súa elaboración e da súa presentación pública por medio dunha rolda de prensa do concelleiro encargado desta área, o certo é que –polo que podemos comprobar– nin a oposición, nin colectivos cidadáns, nin asociacións ou entidades ambientais, nin o conxunto da veciñanza tiveron nin teñen acceso a este documento que consideramos esencial, nin nos consta que fose sometido a ningún debate nin aprobación por parte do Goberno municipal.

A día de hoxe, polo tanto, non coñecemos o contido completo do documento final, a análise detallada que se fai da situación dos espazos públicos existentes, nin o diagnóstico realizado e a proposta de actuacións ou obxectivos concretos que formula nas súas conclusións.

Tendo en conta que o Plan Director debe contemplar un determinado número de intervencións, así como o custo estimado para a súa realización, resulta obvio que para a súa execución faise precisa unha programación que marque prioridades e horizontes que permita a consecución dos obxectivos propostos de forma clara e realista, evitando así que o Plan Director se converta nun simple traballo de análise, diagnóstico e propostas de intervención que nunca cheguen a facerse efectivas.



Nesa mesma dirección, faise preciso proceder previamente á aprobación do documento no que basear as actuacións que se vaian desenvolvendo conforme á planificación. Logo da súa aprobación, o texto deberá ser feito público e divulgado na páxina web municipal para xeral coñecemento, cumprindo cos requisitos de transparencia da xestión municipal.

En atención a todo o exposto, desde o Grupo Municipal Popular formulamos, para a súa consideración polo Pleno, o seguinte

ACORDO

O Pleno Municipal insta ao correspondente órgano do Goberno a que:

- 1. Someta á correspondente aprobación o documento do Plan Director de Parques e Xardíns.***
- 2. Entregue unha copia do documento aos grupos da oposición e difunda o seu contido completo na páxina web municipal.***
- 3. Conforme ás determinacións que se teñan establecido no citado Plan Director, presente ante o Pleno a programación para o desenvolvemento das accións recollidas no documento, cun calendario no que se concreten as datas previstas para a súa execución.***

Santiago, a 2 de maio de 2016

Teresa Gutiérrez López
Concelleira do Grupo Municipal Popular